

**E D I C T O**

Transcorrido o prazo de exposición ao público do acordo e Ordenanza Fiscal provisionais Reguladora da Taxa pola Utilización das Instalacións Deportivas do Concello de Rodeiro, aprobada polo pleno do concello na sesión celebrada o día 24 de abril de 2010, e non téndose presentada reclamación algunha contra a mesma, dito acordo así como a ordenanza fiscal anexa quedan elevados a definitivos, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da lei reguladora das facendas locais.

De conformidade co disposto no artigo 19.1 da devandita lei, contra o presente acordo os interesados lexítimos poderán interpoñer o correspondente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece a lei reguladora de dita xurisdicción.

Rodeiro, 30 de setembro de 2010.—O alcalde, José Benito Vence Deza.

**A N E X O****ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS  
DEPORTIVAS DO CONCELLO DE RODEIRO****ARTIGO 1.—NATUREZA E FUNDAMENTO**

O Concello de Rodeiro en base ao autorizado polo artigo 106 da Lei 7/1985, reguladora das Bases de Réxime Local, e de acordo co previsto no artigo 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, establece a taxa pola utilización das instalacións deportivas do Concello de Rodeiro.

**ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE**

O feito imponible virá determinado pola utilización das seguintes instalacións deportivas de titularidade municipal:

- Piscina.
- Pavillón polideportivo.
- Ximnasio.
- Campo de fútbol de Rodeiro.
- Campo de fútbol de Río.
- Outras instalacións de uso deportivo.

**ARTIGO 3.—NACEMENTO DA OBRIGA TRIBUTARIA**

A obriga tributaria nace polo feito da entrada ao recinto e goce das instalacións deportivas comprendidas dentro do feito imponible.

**ARTIGO 4.—SUXEITO PASIVO**

Terán a consideración de suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas naturais, grupos, colexios, clubs, federacións, entidades e organismos que, previo pagamento da tarifa correspondente, soliciten a entrada para realizar a actividade comprendida dentro do feito imponible.

**ARTIGO 5.—BASE IMPOÑIBLE**

A base imponible para determinar a taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada na tarifa correspondente para cada servizo ou actividade.

**ARTIGO 6.—EXENCIÓNS**

Atópanse exentos do pagamento das taxas:

- a) As institucións educativas públicas con sede no Concello que carezan de instalacións deportivas suficientes e demanden a utilización de instalacións deportivas municipais para a realización das actividades docentes de Educación Física, coa autorización expresa do concelleiro-delegado de deportes ou do alcalde.

- b) Os usuarios membros de familias con ingresos brutos anuais per cápita inferiores a 3.275 €. A titularidade de Bens Inmóbles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 46.920 €. Para gozar desta exención deberán achegarse coa solicitude os seguintes documentos:
- Declaración de IRPF dos integrantes da unidade familiar: No caso de que calquera ou todos os integrantes da familia non formularan declaración de IRPF, pónese de manifesto esta circunstancia na solicitude e autorízase ao Concello para que recabe a información sobre os ingresos na AEAT.
  - Certificación catastral da titularidade de bens de natureza urbana e rústica de todos os membros da unidade familiar.
- c) Os equipos federados pertencentes a asociación ou clubs, inscritos no rexistro municipal de asociación sen fin de lucro, para uso de competicións e adestramentos oficiais, agás o uso do ximnasio municipal.
- d) As que con carácter xeral se prevexan ou poidan preverse, en disposicións legais ou emitidas por Organismos de carácter vinculante.

#### *ARTIGO 7. – CATEGORÍAS*

Diferéncianse varias categorías para o cálculo das tarifas da presente Ordenanza:

- A) 1ª categoría: Maiores de 15 anos
- B) 2ª categoría: Menores de 15 anos

#### *ARTIGO 8. – USUARIOS*

Se a un usuario ou usuarios se lle cambia de instalación por necesidades de programación da concellería de deportes, se lle manterá o prezo da instalación orixinal, aínda que a asignada sexa dun prezo superior.

#### *ARTIGO 9. – ILUMINACIÓN*

O custe da iluminación das instalacións atópase incluído no prezo de uso.

#### *ARTIGO 10. – NORMAS DE PROCEDIMENTO*

Para a entrada nas instalacións os usuarios deberán proveerse do correspondente recibo de pagamento. Se os prezos públicos son por mes ou temporada, o pago aboarase ao principio do período.

#### *ARTIGO 11. – EXPEDICIÓN DE TALONARIOS OU RECIBOS*

A impresión dos talonarios de recibos e as entradas para os usos deportivos, nas súas diversas clases, realízase previa autorización da Tesourería municipal e constarán dun corpo e matriz, ou emitiranse a través dun procedemento informático que enumere os mesmos de forma automática e correlativa quedando constancia dos mesmos.

#### *ARTIGO 12. – COBRO DAS ENTRADAS*

Cando as persoas encargadas das instalacións se encarguen de cobrar estes prezos, efectuarán a liquidación na conta correspondente do Concello, designada pola Tesourería municipal.

#### *ARTIGO 13. – BONIFICACIÓN*

Terán unha bonificación do 50 % nas tarifas da presente Ordenanza os seguintes colectivos para o uso individual das instalacións municipais :

- Os pensionistas maiores de 65 anos perceptores das pensións mínimas dos distintos réximes de protección social.
- O usuarios con cualificación de minusvalía igual ou superior ao 33 %.
- Os membros de unidades familiares con título de familia numerosa.

**ARTIGO 14. – USO DAS INSTALACIÓNS**

- a) O acceso ás instalacións dos abonos está limitado ao horario que se contempla no regulamento de uso da instalación e nas características dos diversos programas deportivos.
- b) Os abonados teñen dereito aos beneficios contemplados no regulamento de uso da instalación e dos programas deportivos.

**ARTIGO 15. – TARIFAS POLO USO DAS INSTALACIÓNS CON FINS NON DEPORTIVOS****A) ESPECTÁCULOS** (actuacións, concertos, circos, etc)

En tódalas instalacións.

- 1 día 100,00 euros.

- ½ día 70,00 euros.

**B) OUTRAS ACTIVIDADES** (reunións, cursos, comidas, etc).

- 1 día 75,00 euros.

- ½ día 50,00 euros.

**ARTIGO 16. – TARIFAS POLO USO COLECTIVO DAS INSTALACIÓNS****1. COMPETICIÓNS E ADESTRAMENTOS.**

a) ABONO TEMPADA CLUBES E ENTIDADES DEPORTIVAS, para tódalas entidades deportivas que soliciten a reserva por tempada do uso dunha instalación deportiva.

**a.1.-EQUIPOS FEDERADOS:**

Un só equipo 120,00 euros ao mes.

Máis dun equipo 200,00 euros ao mes.

**a.2. – EQUIPOS NON FEDERADOS 56,50 € ao mes**

b) Cando unha entidade teña outorgada unha reserva de uso de adestramentos e competicións oficiais nunha instalación para unha tempada, o pago dos prezos públicos poderá ser domiciliado nunha entidade bancaria e poderá ser facturado anticipadamente dunha seguintes maneiras:

b.1. – Mensualmente. Aplicarase a tarifa correspondente.

b.2. – Bimensualmente. Neste caso terá un desconto dun 10% sobre o total.

b.3. – Trimestralmente. Neste caso terá un desconto dun 20% sobre o total.

**2. COMPETICIONS-EXHIBICIONS: (sen tempo límite)**

Atinxe a todas aquelas actividades deportivas nas que, pola súa configuración, requiran competicións dunha longa ocupación coma Patinaxe, Rítmica, Artes marciais, etc.

Pavillón 10,00 €/hora

Ximnasio e outras Instalacións 20,00 €/hora

**3. PARTIDOS****3.1 Deportes colectivos** (Baloncesto, balonmán, voleibol, fútbol, etc.)

a) PAVILLÓN 10,00 €/hora

b) OUTRAS INSTALACIÓNS

1ª categoría 15,00 €/hora

2ª categoría 10,00 €/hora

**3.2 Deportes individuais** (Tenis, bádminton, etc.) 3,00 €/hora.

**4. ADESTRAMENTOS.**

- a) PAVILLÓN MUNICIPAL 3 € / hora.
- b) OUTRAS INSTALACIÓNS e campos de fútbol.  
Pista enteira / pista compartida €/hora
  - 1ª categoría. 7,00 € / 5,00 €
  - 2ª categoría 5,00 € / 3,00 €

**5. MARATÓNS**

- Competición de 12 horas 60,00 €
- Competición de 24 horas 120,00 €

**ARTIGO 17.—TARIFAS POLO USO INDIVIDUAL DAS INSTALACIÓNS.****1. ACCESO AS INSTALACIÓNS (agás ximnasio).**

1.1 1ª categoría día	2,00 €
1.2 1ª categoría noite	5,00 €
1.3 2ª categoría día	1,00 €
1.4 2ª categoría noite	2,00 €

**ABONO DE 20 ENTRADAS**

2.1. 1ª categoría	30,00 €
2.2. 2ª categoría	15,00 €

**2. XIMNASIO.****4.1. Mensualidade :**

1ª categoría :	15,00 €
2ª categoría:	10,00 €

**4.2.— Abonos anuais**

4.2.1 1ª categoría	120,00 €
4.2.2 2ª categoría	90,00 €
4.2.3 Familiar	150,00 €
4.3. Entrada libre	4,00 €/día

**3. PISCINA**

5.1. Entrada 1ª categoría	1,00 €
5.2. Entrada 2ª categoría gratuita	
5.3. Bono 1ª categoría 10 baños	5,00 €
5.4. Bono 1ª categoría 20 baños	10,00 €

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterá a súa vixencia indefinidamente en tanto non sexa modificada ou derogada expresamente.

Rodeiro, 3 de maio de 2010.—O Alcalde, José Benito Vence Deza.—O Secretario, José Mª Novo Ramos.

**2010010709**

\* \* \*